



Feijóo confirma que a folla da ruta da Xunta en materia de emprego incluíra axudas aos autónomos para a contratación indefinida de ata tres traballadores

- ▶ Remarca que con isto cumpre o compromiso adquirido no discurso de investidura e sitúa Galicia como unha das primeiras en poñer en marcha esta iniciativa, xa que foi pioneira na pasada lexislatura ao incluír axudas á contratación do primeiro autónomo e volve estar entre as primeiras na contratación do segundo e do terceiro.

Feijóo destaca que a nova Lei de inclusión social dará un paso máis no compromiso con aqueles que máis o precisan cunha mellora das sinerxías entre os servizos sociais e de emprego para lograr unha verdadeira integración social e laboral

- ▶ Salienta que a renda de integración se fai por primeira vez compatible coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra unha baixada do desemprego de 728 persoas no mes de abril, un 0,25 por cento menos

- ▶ Galicia presenta unha evolución interanual mellor que a media estatal, e sitúase como a cuarta Comunidade Autónoma cunha mellor evolución

Galicia recibirá 107 millóns de euros para políticas activas de emprego en 2013, un 0,26% máis que o pasado exercicio



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na LV Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais
- ▶ A titular do departamento autonómico indicou que se trata de fondos que se destinan a mellorar a empregabilidade dos traballadores galegos
- ▶ Valorou que se estea traballando nun novo modelo de repartición de fondos, que pondere a eficacia e eficiencia na aplicación das políticas activas de emprego "e non só o número de parados"
- ▶ Avanzou que Galicia se adherirá á Estratexia de emprendemento e emprego xove 2013-2016
- ▶ Considerou positivo que se siga avanzando na implantación dos certificados de profesionalidade, e lembrou que Galicia está á cabeza das autonomías na aposta pola formación certificable.

Aprobado o Plan de dinamización demográfica, que amplía as súas medidas de 50 a 71 tras o trámite parlamentario

- ▶ O obxectivo é dar solucións a un "problema real e estrutural" de Galicia, que se sitúa como a segunda autonomía cun maior índice de envellecemento.

Sumario

Formación e emprego	2-5	Política social	8-10
Declaración institucional	3	Xuventude e voluntariado	11
Informe do paro rexistrado	5	Publicacións	12-13
Traballo e economía social	6-7	Normativa	14-20

Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación: Pepa Dabán Royo
Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835

Formación e emprego

Galicia recibirá 107 millóns de euros para políticas activas de emprego en 2013, un 0,26% máis que o pasado exercicio

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na LV Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais
- ▶ A titular do departamento autonómico indicou que se trata de fondos que se destinan a mellorar a empregabilidade dos traballadores galegos
- ▶ Valorou que se estea traballando nun novo modelo de repartición de fondos, que pondere a eficacia e eficiencia na aplicación das políticas activas de emprego “e non só o número de parados”
- ▶ Avanzou que Galicia se adherirá á Estratexia de emprendemento e emprego xove 2013-2016
- ▶ Considerou positivo que se siga avanzando na implantación dos certificados de profesionalidade, e lembrou que Galicia está á cabeza das autonomías na aposta pola formación certificable.



A conselleira de Traballo, Beatriz Mato, na Conferencia sectorial de emprego

Madrid, 11 de abril de 2013.- Galicia recibirá ao longo deste ano un total de 107 millóns de euros por parte do Estado para financiar políticas activas de emprego. Esta contía é un 0,26 por cento maior que a cantidade recibida o ano anterior, o que supón “manter o compromiso” por parte do Estado con Galicia nesta partida. Con este investimento, a Comunidade Autónoma é unha das que máis fondos recibe por persoa desempregada.

Así o anunciou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras a súa participación na LV Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais que se celebrou en Madrid.

Ao respecto, explicou que estes fondos se destinan a “mellorar

a empregabilidade dos traballadores galegos e a incrementar as súas oportunidades de acceder a un posto de traballo”.

Deste xeito, os case 107 millóns —que se complementarán con fondos propios, e fondos europeos— financiarán actuacións como os programas mixtos de formación e emprego; plans de cooperación para entidades locais e de iniciativa social; accións de formación para desempregados e ocupados; apoio ao emprendemento e aos autónomos; ou programas de inserción laboral de persoas con discapacidade.

Na xuntanza, abordouse a loita contra o desemprego xuvenil. Así, debateuse sobre a Estratexia de emprendemento e emprego

xove 2013-2016, un plan ao que a Xunta de Galicia se vai adherir, segundo avanzou a conselleira, que ademais valorou esta iniciativa como “positiva e necesaria” en tanto ten como finalidade a inserción laboral dos menores de 30 anos.

No que se refire ao desemprego na mocidade, tratouse tamén do desenvolvemento normativo do contrato de formación. Esta modalidade, destinada aos menores de 30 anos, permítelles obter un contrato profesional cunha empresa, asociado a unha actividade formativa, que no caso de Galicia será subvencionada pola Xunta.

A fórmula “está pensada e concibida para as pemes, que constitúen o 90 por cento do tecido produtivo de Galicia”. As empresas que participen, pola súa banda, terán dereito a determinadas vantaxes fiscais.

Ademais deste aspecto, a conselleira valorou tamén que se estea traballando, entre o Goberno central e os autonómicos, nun novo modelo de repartición de fondos de emprego que pasaría a ponderar a eficacia e eficiencia das políticas activas de emprego “e non simplemente o número de parados”.

Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da conmemoración do 1 de maio Día Internacional do Traballo. 2013

No 1º de maio, Día Internacional do Traballo, a Xunta de Galicia quere conmemorar esta data polo que significa de esforzos e logros no eido laboral. Nun día como hoxe, o Goberno galego quere tamén manifestar de novo o seu compromiso cos dereitos das persoas traballadoras da nosa comunidade, máxime neste intre difícil pola gravidade da situación económica e polos indicadores do noso mercado laboral.

Con esta declaración institucional, o Goberno da Xunta de Galicia súmase así ao sentir xeneralizado de que, máis que nunca, necesitamos mudar esta situación de crise na que nos atopamos. Esta data emblemática do movemento obreiro mundial, precisa que as políticas e accións que se poñan en marcha polos poderes públicos sexan eficaces e teñan como resultado que os traballadores e traballadoras galegos poidan contar cun posto de traballo cunhas axeitadas condicións laborais.

Debemos entre todos, administracións, sindicatos e empresariado, lograr, mediante a ferramenta do diálogo, consenso e concerto, levar adiante medidas para aqueles que máis o necesitan. Só desde o entendemento conseguiremos acadar solucións para que os indicadores que agora nos preocupan se vaian transformando en datos positivos.

Todo o Goberno traballa para mudar eses indicadores negativos adoptando medidas que permitan que os galegos e galegas acaden o dereito constitucional de acceder a un posto de traballo digno en condicións laborais xustas e seguras.

Desde a Xunta de Galicia, apelamos á continuidade da participación responsable dos axentes sociais. Debemos, pois, seguir traballando arreo para conseguir unha sociedade onde haxa entendemento nas relacións laborais e onde o emprego sexa unhas das prioridades, porque así procuraremos benestar social.

O noso futuro inmediato pasa por que saiamos o máis cedo posible desta situación, porque non debemos esquecer que o emprego é a principal garantía da integración e a participación social, o mellor xeito de garantir o benestar da cidadanía e o mantemento das políticas sociais e de solidariedade.

Aínda que a situación é difícil, non debemos deixar que nos impida seguir adiante, sempre poñendo no primeiro lugar a aqueles colectivos que máis o necesitan como poden ser as persoas desempregadas de longa duración, as que esgotaron a súa prestación de desemprego, mozos e mozas aos que o mercado laboral non lles ofrece oportunidades, mulleres que sofren desigualdades no eido laboral e persoas ao borde da exclusión social. En definitiva: ás persoas que precisan da nosa especial atención. Esta é a senda por onde o Goberno galego está a dirixir as súas políticas e os seus programas de actuación que, estamos seguros, darán resultados dos que poidamos dar conta con saldo positivo á sociedade galega, que é e será a nosa máxima prioridade.

Santiago de Compostela, 1 de maio de 2013

O DOG publica a sétima convocatoria para acceder aos cursos para obter os certificados de profesionalidade

- ▶ A iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar está dirixida a 2.500 galegos e galegas
- ▶ Os exames terán lugar o 22 e 23 de xuño no Recinto Feiral de Silleda
- ▶ Esta actuación permite acceder aos certificados a aquelas persoas que non posúen os requisitos académicos requiridos para cursalos
- ▶ Preto de 11.000 persoas accederon desde 2009 a estas probas da Xunta que aprobaron de media un 80 por cento dos alumnos participantes.

Santiago, 19 de abril de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar convoca, a través da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 76, do

19.04.2013), as probas de avaliación en competencias claves para poder acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade. Este ano

estímase que 2.500 galegos e galegas participen nestes exames dirixidos a aquelas persoas que non posúen os requisitos académicos requiridos para o acceso aos distintos niveis de cualificación dos certificados de profesionalidade. Deste xeito, mediante este proceso de avaliación específico, poderán demostrar que adquiriron os coñecementos requiridos para cursar os correspondentes módulos dos certificados.

O prazo para inscribirse nesta actuación rematará o próximo día 3 de maio. Os interesados deberán remitir a súa solicitude ao Instituto Galego das Cualificacións. O modelo está dispoñible na Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, e tamén na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballoebenestar.xunta.es/>.

As probas terán lugar no Recinto Feiral de Silleda os días 22 e

23 de xuño e serán para os niveis 2 e 3 e, como novidade, este ano, o acceso a este procedemento poderá realizarse a través da sede electrónica da Xunta. En concreto, os exames serán para sete competencias ou materias: lingua galega, inglés, ciencia, tecnoloxía, dixital, matemáticas e lingua castelá.

A posta en marcha desta iniciativa responde á renovación que desde 2009 se vén realizando en toda a oferta de formación para o emprego, segundo os novos certificados de profesionalidade. Unha das principais novidades que introducen estes módulos é a de esixir

uns requisitos de acceso para os alumnos, que aseguren deste xeito que contan cunha formación mínima para seguir con aproveitamento a actividade.

En definitiva, con este fin, puxéronse en marcha as probas de avaliación en competencias clave, que permiten acceder a estes cursos a aquelas persoas que non poidan acreditar posuír a formación básica necesaria para optar a eles.

Desde 2009 preto de 11.000 alumnos e alumnas participaron neste proceso que convoca a Dirección Xeral de Emprego e Formación que de media soen aprobar

un 80 por cento dos participantes. Toda a información que se precise ao respecto destas probas pode

consultarse na web <http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>.

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>



Formación e emprego

Feijóo confirma que a folla da ruta da Xunta en materia de emprego incluíra axudas aos autónomos para a contratación indefinida de ata tres traballadores

- **Remarca que con isto cumpre o compromiso adquirido no discurso de investidura e sitúa Galicia como unha das primeiras en poñer en marcha esta iniciativa, xa que foi pioneira na pasada lexislatura ao incluír axudas á contratación do primeiro autónomo e volve estar entre as primeiras na contratación do segundo e do terceiro**
- **Lembra que a Xunta aprobou o pasado mes de xaneiro 40 millóns de euros en axudas á formación a desempregados das que se beneficiarán 14.000 persoas**
- **Isto súmase ao paquete regulamentario composto por 27 ordes que se publicarán no Diario Oficial de Galicia por valor de case 100 millóns de euros destinados a 23.500 persoas.**

Santiago, 25 de abril de 2013.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, adiantou que a folla de ruta do Executivo autonómico en materia de emprego incluíra axudas aos autónomos para a contratación indefinida de ata tres traballadores. Trátase, incidiu, dunha media coa que dá cumprimento ao compromiso adquirido no discurso de investidura e que sitúa Galicia como unha das primeiras comunidades en poñer en marcha esta iniciativa. Así o asegurou na rolda de prensa tras o Consello da Xunta, que hoxe coñeceu un informe sobre o investimento que a Consellería de Traballo e Benestar está realizando de cara a mellorar a empregabilidade dos galegos e das galegas ao longo de 2013.

Nesta liña, Feijóo resaltou que a comunidade galega foi pioneira na pasada lexislatura ao incluír axudas á contratación do primeiro autónomo e agora volve estar entre as primeiras que articulan medidas para a contratación do segundo e do terceiro traballador.

Deste xeito, o Goberno galego vai destinar un total de 138 millóns de euros a mellorar a empregabilidade de 37.500 galegos. “E hai, unha serie de novidades”, abondou, remarcando que unha delas é a de “ampliar as axudas existentes á contratación indefinida de autónomos: que un autónomo poida contratar, mediante unha axuda, non só a outro autónomo máis,

senón ata chegar a tres”, enfatizou.

Na súa intervención, o mandatario galego referiuse aos datos da EPA. Destacou, así, que Galicia segue cun diferencial case de 5 puntos, cun paro de 5 puntos por debaixo da media de España; e é a sexta comunidade autónoma con menor incremento do paro. Pero a pesar disto, dixo, “é evidente que a situación na Enquisa de poboación activa en España e en Galicia acredita que estamos nun momento de extraordinaria dificultade económica e de extraordinaria situación social no noso país”. De aí que “a principal preocupación dos cidadáns” deba coincidir tamén “coa principal preocupación do Goberno” e que por isto o Executivo autonómico centre a súa acción en trazer unha folla de ruta que dinamice o emprego.

Así, Feijóo lembrou que no pasado mes de xaneiro, a Xunta aprobou 40 millóns de euros en axudas á formación a desempregados, co obxectivo de lograr 14.000 empregos. explicou, “aprobamos un paquete lexislativo, neste caso, un paquete regulamentario de 27 ordes que se publicarán no Diario Oficial de Galicia por valor de case 100 millóns de euros que destinamos a 23.500 persoas”. “En consecuencia –remarcou-, entre o mes de xaneiro e maio, son 138 millóns de euros e 37.500 persoas que non teñen traballo as que se poderán beneficiar destes fondos públicos

de incentivación do emprego na comunidade”, argumentou.

Nove bloques fundamentais nos que se dividen estas axudas

Segundo explicou o mandatario autonómico estas axudas divídense en nove bloques fundamentais. Un primeiro, de fomento da creación de microempresas de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica e fomento de traballo autónomo. A isto destinaranse 24,5 millóns de euros, que prevén beneficiar a 3.200 autónomos e 810 empresas e entidades asociativas. Como novidades, incrementase un 15% o orzamento dirixido á creación de empresas de base tecnolóxica; e subvenciónase por primeira vez a contratación do segundo e terceiro traballador autónomo.

Un segundo bloque recolle tres ordes orientadas á consolidación e promoción do cooperativismo, ao que se destinarán 2,4 millóns de euros.

Un terceiro bloque, recolle cinco ordes dedicadas á inserción sociolaboral de persoas en situación de risco de exclusión social, ao mantemento dos centros especiais de emprego e ao fomento da contratación ás persoas con discapacidade. Serán preto de 16,8 millóns de euros dos que se poderán beneficiar 113 centros e 2.400 persoas con discapacidade e 1.500 con maior dificultade de inserción.

Outras catro ordes recollen un importe de 20 millóns de euros destinados á contratación de persoas desempregadas e axentes de emprego e desenvolvemento local. Unha actuación que beneficiará a 2.700 galegos.

Os programas mixtos de emprego e formación, os obradoiros de emprego, en colaboración coas entidades locais, están dirixidos a mellorar a empregabilidade das

persoas desempregadas mediante a súa cualificación profesional, e recibirán arredor de 10,5 millóns de euros destinados a 1.000 persoas.

Por outra banda tamén se destinarán 750.000 euros para a formación e contratación, nos sectores estratéxicos da comunidade autónoma, de 300 mozos ou mozas con baixa cualificación.

Hai outras actuacións, que forman parte dos preto de 92 millóns de euros en axudas, dirixidas á formación de traballadores ocupados para que non perdan o seu emprego; á xubilación ordinaria no sistema de Seguridade Social de persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas; á promoción de afiliación á Seguridade Social para explotacións agrarias de Galicia; á implantación nas pemes de responsabilidade social e empresarial; ao fomento da igualdade laboral; ou á prevención de riscos.

Ademais, tamén se inclúe outro programa específico de 4 millóns de euros para contratación, aproximadamente, de 205 técnicos para realizar actividades de información, orientación e prospección de emprego, co cal a plantilla entre fixos e temporais na comunidade autónoma que se dedican a facer posible o encontro de emprego será de 450 técnicos.

E por último, argumentou Feijóo, “tamén sacamos plans integrados de emprego, investíndose, nunha primeira orde que xa saíu publicada, e máis o que sae agora publicado, 2,6 millóns de euros que beneficiarán a 2.700 traballadores”.

“En definitiva, 138 millóns de euros para facilitar a empregabilidade de 37.500 galegos e galegas que hoxe por hoxe non teñen emprego e que a maioría deles están nunha situación que necesitan, por suposto, a súa inserción laboral”, concluíu.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra unha baixada do desemprego de 728 persoas no mes de abril, un 0,25 por cento menos

Santiago, 6 de maio de 2013.- Galicia rexistrou no mes de abril unha baixada do desemprego de 728 persoas, un 0,25 por cento menos que a cifra de marzo. Deste xeito, o número de desempregados sitúase en Galicia en 290.459 persoas.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que unha diminución do número de parados é un dato positivo, pero insistiu en que hai que ter cautela ata coñecer a evolución do ano.


Trátase da segunda baixada do paro no ano 2013, que se suma así á rexistrada en marzo. Díaz López destacou que isto supón un “mellor comportamento” con respecto a 2012, cando o desemprego si subía en marzo e abril.

Este mes o aumento interanual de Galicia é do 4,62 por cento, fronte ao 5,16 por cento do Estado. Das 16 comunidades autónomas nas que se incrementa o desemprego en termos interanuais, Galicia é a cuarta que presenta un mellor comportamento.

Por sectores, o principal descenso concéntrase na construción (-1.133), seguido pola industria (-350). Tamén baixa na agricultura e pesca (-130). Pola contra, o desemprego sube no sector servizos (+801) e no colectivo sen emprego anterior (+84).



Por provincias, o paro baixou en todas elas, sendo Coruña a que máis diminúe (-426); seguida por Ourense (-163), Pontevedra (-70) e Lugo (-69).

En canto aos contratos, no mes de abril rexistráronse en Galicia un total de 52.716, 9.446 contratos máis que no mes anterior. Deste total, 4.823 foron indefinidos (9,15 por cento) e 47.893 temporais (90,85%).



	Parados mes	Variación relativa a mes anterior
Illes Balears	84.041	-7,21
Navarra	54.444	-3,62
A Ríoxa	28.548	-2,80
Extremadura	148.887	-2,60
Castela-A Mancha	268.188	-2,20
Andalucía	1.108.022	-1,64
Murcia	157.171	-1,38
Cataluña	656.995	-1,06
Madrid	569.030	-0,48
País Vasco	178.589	-0,42
Galicia	290.459	-0,25
Castela e León	248.845	-0,22
Asturias	107.211	-0,13
Aragón	116.713	-0,12
Cantabria	58.623	-0,11
Ceuta	12.624	0,02
Valencia	592.797	0,28
Canarias	295.824	1,42
Melilla	12.182	2,63
TOTAL	4.989.193	-0,91

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Traballo e economía social

A sinistralidade laboral diminuíu en Galicia nun 26,62% no mes de marzo

- ▶ Neste mes rexistráronse 1.624 accidentes fronte aos 2.213 rexistrados no mesmo mes do ano anterior
- ▶ A sinistralidade laboral diminuíu un 17,66% no primeiro trimestre do ano, cun total de 5.472 accidentes laborais fronte aos 6.646 no mesmo período do ano 2012.

Santiago, 27 de abril de 2013.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en marzo de 2013 descendeu un 26,62%. Neste mes rexistráronse 1.624 accidentes fronte aos 2.213 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 1.577

foron accidentes leves, 45 graves e 2 mortais.

Descenderon os accidentes en todos os sectores: na construción, nun 42,25%; na agricultura, nun 33,06%; na industria, nun 29,56%; nos servizos, nun 20,12%; e na pesca, nun 8,04%.

Para ter unha visión precisa da

evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas contingencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia descendeu un 25,91% en marzo deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, o maior descenso foi na agricultura, co 29,12%; na construción foi do 28,48%; na industria, do 25,36%; nos servizos foi do

22,41%; e na pesca, do 1,59%.

Diminución acumulada do 17,66% de xaneiro a marzo

A sinistralidade laboral diminuíu un 17,66% no primeiro trimestre do ano, cun total de 5.472 accidentes laborais fronte aos 6.646 no mesmo período do ano 2012.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 21,75% en Pontevedra, do 16,55% na Coruña, nun 14,33% en Ourense e do 11,21% en Lugo.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/>



O ISSGA impulsou a investigación de preto de 700 enfermidades profesionais nos últimos dous anos

- ▶ A directora do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, ofreceu unha rolda de prensa sobre enfermidades profesionais, con motivo da celebración o próximo 28 do Día mundial da seguridade e saúde no traballo
- ▶ Entre outras actuacións postas en marcha polo Goberno galego, salientou as elaboracións dos mapas de riscos químicos e ergonómicos; os distintos estudos epidemiolóxicos; así como as iniciativas relacionadas co amianto
- ▶ En 2013 prevese elaborar un Rexistro de traballadores expostos ao amianto
- ▶ Ao longo de 2012 rexistráronse un total de 1.067 enfermidades profesionais, a maioría delas causadas por axentes físicos, especialmente por posturas forzadas e movementos repetitivos

Santiago, 26 de abril de 2013.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, está a impulsar a investigación das enfermidades

profesionais, dentro do abano de actuacións que está levando a cabo para previr estas doenzas. Así, só en 2011 e 2012 este organismo realizou preto de 700 investigacións neste sentido.

Esta foi unha das moitas actuacións que este organismo levou a cabo no eido da prevención das enfermidades profesionais, segundo explicou en rolda de prensa a directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja.

Na súa intervención, fixo balance de distintas medidas postas en marcha para loitar contra as enfermidades profesionais. Os obxectivos que se perseguen, segundo a Estratexia de prevención de riscos laborais 2011-2014 son, entre outros: potenciar a colaboración dos axentes sociais e económicos e entre administracións, especialmente implicando á atención primaria na

comunicación destas doenzas; a formación do persoal sanitario; mellorar a declaración destas enfermidades; estudar a súa epidemioloxía; e fomentar a súa investigación.

Quinzá-Torroja detallou varias das actuacións xa executadas co fin de acadar estas metas. Por exemplo, a elaboración do mapa de risco químico, no que participaron 161 empresas de sectores nos que se utilizan produtos potencialmente perigosos e que abrangue a máis de 31.000 traballadores. Neste traballo, identificáronse máis de 8.600 produtos químicos e presentouse un primeiro informe de resultados.

A Xunta traballa cos axentes sociais para fixar os requisitos que deberán cumprir as empresas que se adhiran ao contrato de formación

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, respondeu a unha pregunta no Parlamento sobre esta iniciativa dirixida a favorecer a inserción laboral da xuventude, e que xa conta con proxectos en firme
- ▶ A titular de Traballo explicou que os participantes disporán dun contrato coas condicións do convenio colectivo, que durará un mínimo dun ano ata un máximo de 3 anos; unha formación e cualificación recoñecida e homologada; e unha experiencia laboral para o seu currículo
- ▶ As empresas terán reducións da cota empresarial da seguridade social que irán desde o 75% ao 100%
- ▶ O Servizo Público de Emprego de Galicia encargárase de facer un seguimento de todo o proceso para que cumpra todas as garantías.

Santiago, 24 de abril de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou que o departamento autonómico está a traballar cos axentes sociais na delimitación do tipo de empresas que poderán adherirse ao novo contrato de formación dirixido a loitar contra o desemprego dos menores de 30 anos, segundo a estabilidade que teñan.

En resposta a unha pregunta no Parlamento, Beatriz Mato destacou o interese das empresas de Galicia por participar nesta iniciativa impulsada a través dun convenio entre o departamento autonómico e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

Mato indicou que xa hai varios proxectos en firme para poñer en marcha este proxecto que consiste en proporcionar a mozos e mozas menores de 30 anos e con baixa cualificación, un contrato nunha empresa desde o primeiro momento, un traballo que estará asociado a unha actividade formativa de calidade vinculada á demanda real das propias empresas e a un certificado de profesionalidade, de validez estatal.

A titular de Traballo explicou que os participantes contarán cun contrato coas condicións do convenio colectivo, que durará un mínimo dun ano ata un máximo

de 3 anos; unha formación e cualificación recoñecida e homologada; e unha experiencia laboral para o seu currículo.

As empresas tamén disporán de vantaxes se optan por esta modalidade. Así, durante a vixencia do contrato contarán con reducións da cota empresarial da seguridade social que irán desde o 75% ao 100%. Ademais, as empresas poderán contar deste xeito con profesionais preparados especificamente para o labor que teñen que realizar.

No primeiro ano a formación, que será financiada pola Consellería de Traballo e Benestar, constituirá como mínimo un 25 por cento do tempo traballado, mentres que nos dous anos seguintes será como mínimo do 15 por cento.

O Servizo Público de Emprego de Galicia encargárase de facer un seguimento de todo o proceso para que cumpra todas as garantías, "non só autorizar os contratos, senón tamén de velar para que se garantan as súas condicións e de vixiar a posible

utilización perversa por parte das empresas".

Para a responsable de Traballo "ningunha comunidade se ten comprometido neste extremo como Galicia" cunha fórmula especialmente pensada e concibida para as pequenas e medianas empresas, que constitúen o 90% do tecido produtivo da comunidade.

Por último, Beatriz Mato expuxo que a xuventude é un colectivo prioritario nas políticas activas de emprego da Xunta, tal e como reflicte a posta en marcha do programa Forcon, que combina formación e emprego e que tamén vai destinado aos mozos e mozas desempregados, menores de 30 anos e con baixa ou sen cualificación.

Nesa mesma liña, Galicia vén de adherirse á 'Estratexia de emprendemento e emprego xove 2013-2016' posta en marcha polo Goberno central. Unha estratexia destinada á inserción laboral dos menores de 30 anos no mercado laboral que inclúe 15 medidas de choque e outras 85 de carácter estrutural.

Traballo destinará preto de 20 millóns de euros para apoiar a creación de máis de 3.000 novos postos de traballo autónomo

- ▶ Estas axudas enmárcanse dentro da liña de traballo de apoio aos emprendedores que está a desenvolver o Goberno galego e que este ano ten un investimento superior aos 25 millóns de euros
- ▶ Para o responsable da área de Traballo e Economía Social, o conxunto de medidas autonómicas e estatais "permitirán a supervivencia dos traballadores autónomos e facilitarán a incorporación de novos empresarios ao mercado de traballo".

Santiago, 26 de abril de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar vai destinar preto de 20 millóns de euros ao desenvolvemento de programas específicos de axudas para os novos traballadores autónomos, o que supón apoiar a creación de máis de 3.000 novos postos de traballo.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, participou no acto de presentación da Cátedra extraordinaria do traballo autónomo da USC e AUGA-UPTA. Na súa intervención indicou que estas axudas enmárcanse dentro da liña de traballo de apoio

aos emprendedores que está a desenvolver o Goberno galego e que este ano ten un investimento superior aos 25 millóns de euros, unhas medidas que se complementan con outras como a posta en marcha da Lei do emprendemento ou as iniciativas do Estado neste eido.

Martiñá explicou que en Galicia os traballadores autónomos representan máis do 24% das persoas afiliadas á Seguridade Social, seis puntos máis que no Estado, e por iso a Xunta está a prestarlles un apoio decidido. Ademais hai que ter

en conta que o autoemprego supón un importante mecanismo para a incorporación ao mercado de traballo nestes momentos de crise.

Para o responsable da área de Traballo e Economía Social, o conxunto de medidas autonómicas e estatais "permitirán a supervivencia dos traballadores autónomos e facilitarán a incorporación de novos empresarios ao mercado de traballo", se ben considerou que tamén son necesarias iniciativas como a creación desta cátedra específica para o estudo do traballo autónomo en todas as súas dimensións.

Aprobado o Plan de dinamización demográfica, que amplía as súas medidas de 50 a 71 tras o trámite parlamentario

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, compareceu na comisión parlamentaria que deu a aprobación a esta folla de ruta que se estenderá ata 2016
- ▶ O documento suma, ás 50 actuacións presentadas inicialmente, as 4 emendas aceptadas, e as 17 novas medidas incluídas no debate da anterior lexislatura cos grupos parlamentarios
- ▶ O obxectivo é dar solucións a un "problema real e estrutural" de Galicia, que se sitúa como a segunda autonomía cun maior índice de envellecemento
- ▶ Trátase dun plan transversal, acorde coas directivas europeas, e que tivo "moi en conta" as achegas da Comisión non permanente de estudo para a elaboración do plan.



Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013.- Apróbase definitivamente o Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, logo de ser validado en comisión parlamentaria. Esta folla de ruta ampliou as súas 50 medidas iniciais ata as 71 tras incorporar as 17 emendas da tramitación parlamentaria da anterior lexislatura, así como as 4 novas aceptadas ao final.

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, compareceu en sede parlamentaria para dar conta da situación de partida, das liñas estratéxicas, e das distintas medidas que se inclúen neste documento. Resaltou que se trata dun documento que "xa foi presentado hai máis dun ano e que inclúe as emendas de todos os partidos, ademais de volver abrirese outra vez ás achegas que quixesen os grupos".

O obxectivo desta iniciativa é dar solucións a un "problema real e estrutural" de Galicia, que se sitúa como a segunda autonomía cun maior índice de envellecemento. Ademais, González precisou que a comunidade autónoma está perdendo poboación e que "de seguir esta tendencia, de aquí a 40 anos Galicia podería ter menos habitantes que en 1900".

Sinalou, tamén, que o índice sintético de fecundidade –número de fillos por cada mulleres en idade fértil– se sitúa entre as galegas no 1,08, fronte á media estatal do 1,4 ou á media europea do 1,6. Pola

contra, os estudos demográficos sitúan a taxa de fecundidade necesaria para que se produza un intercambio xeracional en 2,1 fillos por muller en idade fértil.

Logo da redacción deste plan, realizouse unha enquisa sobre o cambio demográfico a 1.200 persoas. A súa finalidade foi coñecer os factores que impulsan ou retraen a maternidade e paternidade. Entre as principais conclusións, destacan que os galegos non perciben a verdadeira dimensión do problema demográfico, que a natalidade se interpreta como unha decisión individual, e que a presenza de servizos de conciliación e a flexibilidade horaria é un dos factores máis valorados á hora de ter fillos.

Ante esta situación, o Goberno galego propuxo unha estratexia con perspectiva de futuro, un documento "planificado, ben estruturado e que conta con accións específicas para esta materia". Está deseñado cun carácter transversal, para coordinar todos os departamentos da Xunta e para sensibilizar a sociedade, e foi elaborada de acordo coas políticas europeas.

Nas actuacións inclúense tamén as achegas da Comisión non permanente de estudo que traballou durante o 2011 no Parlamento galego para a elaboración deste plan. Está estruturado en 4 áreas de intervención, 16 obxectivos estratéxicos e 71 medidas.

As áreas de intervención son: a sensibilización para a dinamización

demográfica; impulso socioeconómico á maternidade e paternidade; apoio ás familias; e a coordinación entre administracións.

Medidas concretas

Dentro do total das medidas que veñen no plan, González destacou varias actuacións novidosas: a mellora dos beneficios fiscais; casas niño; servizos de axuda no fogar para a infancia; axudas ao acceso á vivenda; e transporte público.

Estas cinco medidas contan cun orzamento de 90 millóns de euros na lexislatura e prevese que poidan chegar a 70.000 familias galegas ao ano.

En canto aos beneficios fiscais, González destacou que "Galicia xa é unha das comunidades autónomas con maiores incentivos fiscais para o fomento da natalidade" e coa nova mellora gradual convertírase "nun referente estatal".

Nos recursos de apoio á conciliación, a directora xeral fixo fincapé na posta en marcha das

casas niño, que se empezarán a regular este mesmo ano para poñer en marcha as primeiras en 2014 e 2015 e o servizo de axuda no fogar para a infancia, que será un servizo público, especializado e terá un sistema de prezos en función da renda. A primeira das actuacións estará máis vinculada ao rural, mentres que a segunda, ao urbano.

Por outra banda, contabilizaranse os fillos concibidos nas axudas ao alugueiro e adquisición dunha vivenda, e incorporárase unha bonificación adicional na tarxeta metropolitana de transporte público.

A responsable autonómica citou tamén outras medidas como o impulso de novas fórmulas entre as empresas nas excedencias ou redución das xornadas; o fomento da racionalización dos horarios dos centros de atención á infancia; ou a realización de campañas entre as empresas para que apliquen tarifas de tipo social ás familias, e non só ás numerosas.

Feijóo destaca que a nova Lei de inclusión social dará un paso máis no compromiso con aqueles que máis o precisan cunha mellora das sinerxías entre os servizos sociais e de emprego para lograr unha verdadeira integración social e laboral

- ▶ Salaria que a renda de integración faise por primeira vez compatible coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía
- ▶ Afirmar que con estas modificacións dáse resposta a determinadas disfuncións que se viñan detectando como a cronificación da situación de exclusión social, a través das prórrogas sucesivas da percepción da Risga; ou a perda de vinculación do beneficiario co proxecto de inserción.



Santiago de Compostela, 25 de abril de 2013.- Logo de que o Consello da Xunta dese o visto e prace á nova Lei de inclusión social, que iniciará a súa tramitación parlamentaria neste período de sesións, o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou, na rolda de prensa posterior, que o novo texto permitirá dar un paso máis no compromiso con aqueles que máis o precisan cunha mellora das sinerxías entre os servizos sociais e de emprego para lograr unha verdadeira integración social e laboral. "Remitimos ao Parlamento un proxecto pactado no ámbito do diálogo social e que ten como obxectivo dar un apoio superior a aquelas persoas que máis o precisan, nun dos peores momentos económicos, para atopar unha verdadeira estratexia integradora das persoas con dificultades económicas no mercado laboral", incidiu.

"Unha das grandes novidades é que se realizará unha diagnose de empregabilidade das persoas que cobran a Risga e, con este fin, a renda de integración faise por primeira vez compatible coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía. Deste xeito, garátese que a persoa poda

compatibilizar a percepción da Risga coa percepción de rendas de traballo esporádico e que, pouco a pouco, se vaia orientando a un traballo de carácter máis permanente", aseverou.

Ao fio disto, Feijóo destacou que o texto normativo presentará unha nova Risga "flexible" e que contará con tres tramos: o persoal e familiar, o de inserción e o de transición ao emprego.

A través do primeiro tramo garátese, segundo o presidente da Xunta, unha contía mínima para a cobertura das necesidades básicas anual e prorrogable, e ampliable no caso de presenza de maiores ou de menores de idade. Neste último caso o beneficiario terá que cumprir un acordo de integración socioeducativa dos menores conviventes; "é dicir, tense que comprometer a que os menores que vivan baixo a súa tutela acudan con normalidade ao colexio".

No tocante ao segundo tramo, Feijóo afirmou que o beneficiario poderá percibir unha contía a maiores da do persoal e familiar co fin de estimular o seu acceso ao emprego. Para percibir este tramo exíxese o compromiso de seguir un itinerario de inserción laboral. E neste tramo, que terá unha duración de 18 meses, tamén se incrementan as contías respecto da normativa actual.

A nova Risga tamén abrirá un tramo de transición ao emprego que consiste nunha contía que se segue a percibir durante os seis primeiros meses desde a consecución dun posto de traballo por parte do beneficiario. A contía irase diminuindo paulatinamente ata extinguirse a renda de integración.

Con esta modificación da Risga dáse resposta a determinadas disfuncións que se viñan detectando como a cronificación da situación de exclusión social, a través das prórrogas sucesivas da percepción da Risga; ou a perda de vinculación do beneficiario co proxecto de inserción.

Outras das disfuncións detectadas é a penalización de forma inmediata a un perceptor da Risga no suposto de atopar unha renda salarial, ao cortar automaticamente a percepción da renda de integración. Agora, durante 6 meses convivirán a renda de integración social e as rendas que proveñan do traballo.

"Coa división en tres tramos, permítese que aqueles beneficiarios que non estean en condicións de cumprir o proxecto de inserción permanezan no tramo persoal e familiar e, pola súa banda, incentive a incorporación a proxectos de inserción a aqueles que podan cumprir ese proxecto", concluiu Feijóo a modo de resumo.

<http://www.xunta.es/traballo-e-benestar>



Política social

O DOG publica a orde do cheque infantil que financiará unhas 1.000 prazas de 0-3 anos

- ▶ Esta convocatoria permitirá ás familias contar cunha axuda para acudir a calquera escola infantil privada que escollan
- ▶ Esta ano consolídase o cambio iniciado o ano pasado, polo que agora son os beneficiarios os que perciben directamente a subvención para acceder á escola que elixan
- ▶ Anteriormente, só se podía acceder aos centros que estaban adscritos a este programa e eran os centros os que recibían a subvención
- ▶ A contía que percibirán os usuarios por cada praza de xornada completa oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas
- ▶ Este ano adiántanse os prazos de presentación de solicitudes co obxectivo de que as resolucións estean listas no mes de xullo.

Santiago, 26 de abril de 2013.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde do cheque infantil que permitirá financiar unhas 1.000 prazas en escolas infantís privadas para nenos e nenas de 0-3 anos cun orzamento de 1,4 millóns de euros. As ditas prazas destinaranse a aquelas persoas que non resultaron adxudicatarias dunha praza pública, ou ben a aquelas familias que residen nunha localidade na que non existen instalacións sostidas con fondos públicos.

Esta publicación, autorizada polo Consello da Xunta, consolida o cambio iniciado na orde publicada en 2012 que permite ás familias conseguir unha maior flexibilidade

ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado.

Desde o pasado curso os pais e nais poden elixir sen restricións o centro no que matriculan aos seus fillos, xa que son agora as familias as que perciben directamente esta contía a través dun bono mensual. Anteriormente os beneficiarios só podían acceder a unha praza nalgúnha das instalacións adscritas a este programa, posto que eran as propias escolas as que recibían a subvención.

A contía que van a percibir varía en función da renda, e oscila entre os 45 euros mensuais e os 250 euros no caso da xornada completa con comedor. Por esta razón, o número total de beneficiarios –que

adoita ser de 1.000- pode variar en función de cal sexa a renda das familias que soliciten cada ano estas axudas.

Unha vez concedida, só se pode variar o tipo de servizo solicitado polas seguintes circunstancias, sempre que sexan xustificadas: pasar a situación de desemprego ou outros motivos laborais; enfermidade grave dos pais, nais ou representantes legais; ou situación de nulidade, separación ou divorcio.

No acceso ás axudas, seguirán tendo prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización, se seguen cumprindo os requisitos da orde.

Con respecto aos novos solicitantes, mantéñense os criterios da orde de cursos pasados: poderán pedir a axuda aquelas persoas con nenos e nenas de 0 a 3 anos que

tiñan solicitado praza pública e non resultasen adxudicatarias, sempre e cando exercesen a opción polo cheque infantil cando a solicitaron. Tamén terán dereito a esta subvención aquelas persoas que residan en localidades onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos.

Na orde enténdese como prazas sostidas con fondos públicos aquelas dependentes directamente da rede da Xunta, das corporacións locais ou ben aquelas de iniciativa social que son subvencionadas polo Goberno galego.

Este ano, ademais, adiántanse os prazos de presentación de solicitudes co fin de que as resolucións poidan estar listas no mes de xullo. O prazo de inscrición abrírase a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia (DOG), que se prevé para a próxima semana.



O DOG publica a orde que aproba o modelo do Informe social unificado (IUS) que entrará en vigor en tres meses

- ▶ A iniciativa permitirá a creación dun modelo común de acceso a servizos de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía
- ▶ Constitúe un máis dos distintos avances que se teñen realizado para mellorar a xestión do sistema durante os últimos catro anos
- ▶ Permitirá diminuír ao mínimo o proceso de cubrir a documentación, ao tempo que se unifican os criterios e a organización da información
- ▶ Facilitará unha mellor coordinación entre os distintos profesionais e institucións, que contarán cunha perspectiva global da situación da persoa.

Santiago, 10 de abril de 2013.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que aproba o modelo do Informe social unificado (ISU), unha ferramenta que está a desenvolver a Consellería de Traballo e Benestar e que entrará en vigor en tres meses.

O novo Informe social unificado (ISU) constituirá un proceso común que permitirá o acceso, a través do mesmo modelo, aos distintos servizos sociais das áreas de dependencia, a discapacidade e a promoción da autonomía persoal. Tamén será o

documento de referencia para acceder á rede de recursos para maiores do Consorcio galego de servizos de igualdade e Benestar e, con carácter xeral, para o acceso aos servizos sociais comunitarios de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade. Ata o de agora, había un modelo distinto vinculado a cada un dos procedementos.

O obxectivo desta iniciativa é continuar traballando na mellora do sistema de servizos sociais e seguir impulsando a coordinación entre os distintos profesionais e institucións, ao tempo que se acada unha maior eficiencia da xestión minorando, na medida do posible, a xestión da documentación que se debe cubrir.



Xuventude e voluntariado

Continúa aberto o prazo para presentar proxectos a Iniciativa Xove, o plan co que a Xunta apoia as ideas emprendedoras da mocidade

- ▶ O director de xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, inaugurou na Coruña unhas xornadas de emprendemento xuvenil
- ▶ O programa que axuda a facer realidade as propostas dos mozos e mozas galegos e galegas está dotado de 720.000 euros, o que permite financiar 250 iniciativas
- ▶ O responsable da área autonómica destacou que a participación xuvenil é o primeiro paso cara o emprendemento.

A Coruña, 24 de abril de 2013.-

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, inaugurou na Coruña unhas xornadas de emprendemento xuvenil que está a organizar a Concellaría de Educación, Deportes e Xuventude do concello coruñés. O foro está dirixido aos mozos e mozas con

ideas emprendedoras, persoal técnico do ámbito da mocidade e emprego, estudantes, e tamén a cidadáns en xeral con interese neste ámbito.

Rodeiro destacou que a participación xuvenil é o primeiro paso cara ao emprendemento e, neste senso, lembrou que

continúa aberto o prazo para presentar proxectos ao programa Iniciativa xove co que a Consellería de Traballo e Benestar está a apoiar as ideas emprendedoras da mocidade. Esta iniciativa conta cun orzamento de 720.000 euros, o que permitirá este ano financiar 250 proxectos.

“A posta en marcha de programas de participación como Iniciativa xove crea un espazo nos que os mozos e mozas poden exercer as súas habilidades, ensaiar solucións innovadoras e prepararse para ser os emprendedores do futuro”, apuntou Rodeiro.

Estas axudas están dirixidas tanto a asociacións xuvenís como a grupos informais de mozos e mozas. O programa está concibido como un instrumento para que a mocidade poida demostrar a súa capacidade para organizar, emprender e impulsar actividades nas que os actores principais son eles mesmos.

